



PRESENTACIÓN DE AS ALDEAS DA MEMORIA BALDO RAMOS

DOMINGO 7 DE MAIO DE 2023-19:00 - CASA DA CULTURA DE VILALBA



O **Instituto de Estudos Chairregos** organiza, o acto de presentación do libro **AS ALDEAS DA MEMORIA**, de **Baldo Ramos**, patrocinado pola **Vicepresidencia da Deputación de Lugo**.

No evento xuntaranse varias ramas da arte, grazas á presenza do poeta **Baldo Ramos**, o fotógrafo **Nachok** e o músico **Mano Panforreteiro**, que a través da música, a fotografía e a literatura, propoñen aos asistentes unha iniciativa diferente.

O acto terá lugar o **domingo 7 de maio de 2023**, ás **19:00** horas, na **CASA DA CULTURA DE VILALBA**.

As aldeas dá memoria é un libro de poemas de **Baldo Ramos** e fotografías de **Nachok** a xeito de «un ensaio artístico visual e literario que pon de manifesto a silandeira, continúa e inexorable condena que sofren as nosas aldeas,

vistas desde a palabra e imaxe conxugadas co impulso do recordo», segundo sinalan desde Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organismo que edita o libro.

En palabras do escultor **Daniel Caxigueiro**, que escribe o prólogo “*As aldeas da memoria e froito do diálogo entre Baldo Ramos e Nachok. A reflexión e o coñecemento da nosa realidade son o punto de encontro, o lugar no que as dúas disciplinas abren as portas a un universo creativo alleo. Nesta ocasión, o visual e o literario teñen suficiente interese e pouso como para que os límites da observación e da memoria gocen da interferencia xusta entre o verbal e o visual. Baldo Ramos e Nachok pretenden dar unha visión contemporánea da nosa historia recente, poñendo en valor todo o que o tempo foi desbotando, os espazos que na memoria e nos lugares queda desa Galiza esvaecida por un contexto social que tolerou a decadencia e abandono dun sistema de valores, dunha forma de vida que se nega a marchar de todo*”.



Baldomero Fernández Ramos, BALDO RAMOS, nado en Celanova o 1 de xaneiro de 1971, é un poeta e artista plástico galego. Cultiva a súa vocación artística dende os 17 anos, cando comeza a escribir poesía. Remata a carreira de Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela no 1994, na que tamén cursa o Doutoramento en Literatura Española e Hispanoamericana.

Traballou como docente no instituto de Valga e despois no IES de Sar en Santiago de Compostela impartindo clases de lingua castelá e literatura.

Comezou a pintar no ano 1993 pola necesidade de establecer pontes entre a escrita e a plástica, expoñendo por primeira vez no ano 1994 en Santiago de Compostela. Ten colaborado como poeta e ensaísta en diferentes iniciativas editoriais como Grial, Anuario de Estudios Galegos, Ólisbos, Casa da Gramática, Río Arga, Luces y sombras ou Dorna; e como ilustrador de obras literarias para Follas Novas Edicións, Centro Ramón Piñeiro, Espiral Maior, Dorna, Boletín Galego de Literatura, Faktoría K ou Kalandraka, así como o libro “Mongólia: unha entidade estatal rugosóide” de Ígor Lúgrís.

A súa poesía é pouco xenerosa verbalmente, pero non así en canto ao rango de emocións profundas que expresa. Pertence á liña emerxente de autores mozos que, a través do seu intenso labor, renovaron a poesía galega. É autor de máis de douscentos libros de artista de exemplar único. (*wikipedia*)